

GUÍA DOCENTE DE **CONXUNTO I-VIII**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: CONXUNTO I-VIII										
ESPECIALIDADE	Interpretación								ITINERARIO	Jazz
CARÁCTER	Obrigatoria								TIPO DE CLASE	Colectiva
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Jazz	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5h.
ECTS/CUAD.	2	2	2	2	2,5	2,5	2,5	2,5	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Práctica da interpretación en grupo en distintas formacións para o desenvolvemento das seguintes capacidades: cumprimento da función propia no grupo; coñecemento do repertorio e dos estilos relevantes; aplicación práctica dos elementos básicos da linguaxe do jazz no arranxo, na improvisación e no acompañamento; compenetración no traballo colectivo e desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio; flexibilidade de resposta ás indicacións do/a director/a-líder; desenvolvemento de ideas, criterios interpretativos e proxectos musicais colectivos e da creatividade individual e colectiva; fomento da capacidade de lectura a primeira vista; control e avaliación crítica do traballo propio.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os mínimos esixibles para a proba de acceso
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Esta directamente relacionada coas disciplinas instrumentais como Instrumento, Orquestra e Teoría e Práctica da Improvisación. Transversalmente vinculada as disciplinas de Análise de Jazz, Composición e Arranxos, Adestramento auditivo de jazz e Historia do jazz, ferramentas necesarias para unha total comprensión e asimilación dos temas a traballar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T7, T10, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X7, X8, X10, X11, X13, X21, X22
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI3, EI4, EI5, EI6, EI7, EI8, EI9, EI10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver, dende a interpretación, a compenetración e o traballo colectivo co desenvolvemento de ideas, criterios interpretativos e proxectos musicais apoiados na creatividade.	T1, T7, T10, T13, X7, X8, X10, X21, EI4, EI5, EI6, EI8, EI9, EI10
Coñecer, escoitar e memorizar o repertorio significativo do jazz a través da interpretación dos diferentes compositores e estilos.	T1, T13, X2, X10, X11, X13, X21, X22, EI1, EI4, EI5, EI6, EI7, EI9
Adquirir a capacidade de cumprir a función propia no seo do conxunto e de controlar o seu resultado cunha actitude construtiva, crítica e de respecto.	T1, T7, T10, T13, X7, X8, X10, X21, EI4, EI5, EI6, EI8, EI9, EI10
Aplicar técnicas de acompañamento, improvisación e composición e dominar progresivamente a través da interpretación en conxunto os elementos fundamentais da linguaxe do jazz.	T1, T13, X2, X10, X11, X13, X21, X22, EI1, EI4, EI5, EI6, EI7, EI9

**4. CONTIDOS**

A función propia no conxunto: en sección ou solista.

O traballo en conxunto.

Repertorio, audicións, lectura e transcripcións.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

Os métodos pedagóxicos adaptaranse as características dos alumnos, favorecendo un ensino personalizado, promovendo a creatividade e o dinamismo, e fomentando a motivación. O fin último é lograr a independencia do alumno por medio do desenvolvemento da personalidade, e do criterio artístico. Partirase dos coñecementos previos, baseándose na aprendizaxe significativa e progresiva.

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Práctica de aula, individual e colectiva: traballo pormenorizado e desenvolvemento paralelo e uniforme dos contidos da disciplina, con apoio do docente a nivel expositivo e interpretativo.	Presencial	Permanente
Actividades marcadas: adestramento persoal do alumno de todas as ferramentas achegadas polo docente na aula.	Non Presencial	Permanente
Audicións, concertos ou mostras.	Presencial	Esporádica
Prova práctica. Avaliación dos coñecementos adquiridos	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza e de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua. O/A alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, unha ordinaria e outra extraordinaria.

No caso de perda da avaliación continua, o/a alumno/a acollerase ó disposto no apartado da avaliación alternativa que figure na programación docente da disciplina.

No caso dos/das alumnos/as que non perdan a avaliación continua, valorarase a asistencia as clases, o seu aproveitamento e evolución, as destrezas acadadas, o nivel de comprensión dos contidos teóricos e prácticos, a produción creativa e a actitude na aula e no traballo diario.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación, competencias avaliadas e ponderación nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*